

TALLERES DE NADAL

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 28 de decembro de 2016 ao 4 de xaneiro de 2017

Este Nadal o CGAC prepárase para acoller dous talleres dirixidos a nenos e nenas de entre 4 e 9 anos arredor das suxestivas exposicións das artistas Eva Lootz e Berta Cáccamo.

Para os máis pequenos, a bailarina-*performer* Marina Oural deseñou un taller de movemento no que os corpos dos participantes dialogarán, por unha banda, cos espazos envolventes e sensoriais da mostra *Cut Through the Fog* de Eva Lootz e, por outra banda, coa pintura monumental de Berta Cáccamo na exposición *Expansión ensaio*.

Os nenos e nenas de 7 a 9 anos traballarán coa educadora Candela Rajal nun taller de experimentación creativa con materiais comúns. Os participantes partirán do interese de Eva Lootz e de Berta Cáccamo pola materia para investigar eles mesmos o comportamento de elementos como a auga, a area, a pedra, a cera... as súas propiedades e as súas posibilidades expresivas.

Taller de danza. *A danza da faba máxica*

28 e 29 de decembro de 2016

Dirixido por Marina Oural

Idade: 4-6 anos

Horario: 11:00-13:00 h

Prazas: 15

Neste taller de movemento os nenos e nenas experimentarán a través do seu corpo as sensacións que desprenden a natureza e a arte. Poderán sentirse auga, vento, terra, sol... Traballarán a escoita activa, a presenza e a ausencia, a pesadez e a lixeireza, a verticalidade e a horizontalidade, o tacto e o contacto, o intercambio de roles, a cor, a palabra e a poesía. Deixaremos que o corpo fale creando unha peza escénica coa obra de Eva Lootz e de Berta Cáccamo como marco.

Taller de creación. *Extrapictóric@s*

3 e 4 de xaneiro de 2017

Dirixido por Candela Rajal

Idade: 7-9 anos

Horario: 11:00-13:00 h

Prazas: 20

Con motivo das exposicións actuais do CGAC neste taller mergullarémonos nas infinitas posibilidades da creación artística a través da investigación e experimentación con diferentes materiais. Elementos como o sal, a area, a tea, o acetato, o fío, o feltro ou parafina converteranse nos nosos compañeiros nunha viaxe desde o máis visual ata o máis subxectivo.

Poderemos explorar as transformacións e os comportamentos da materia ao intervir nun xogo de acción-reacción, de pregunta e resposta. Cortar, pegar, engadir, quitar, estrullar, dobrar, raiar, esmagar ou bater serán algúns dos recursos que empregaremos par crear.

Poñerémonos na pel de investigadores e investigadoras extrapictóricos a través da manipulación, a observación e o coñecemento de diferentes materiais.

INSCRIPCIÓN

A inscrición nos talleres é gratuíta.

As solicitudes deberán enviarse a través do correo electrónico a cgac.educacion@xunta.es. As persoas interesadas deberán indicar os seguintes datos: nome completo e idade dos nenos e/ou nenas participantes, número de teléfono, enderezo de correo electrónico e nome do taller no que desexan participar.

Poderase inscribir un máximo de dous participantes mediante cada solicitude.

Os asistentes deberán traer roupa de abrigo e de choiva ou paraugas para poder saír ao exterior.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

CGAC

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602

cgac.educacion@xunta.gal

www.cgac.xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA

galicia